

## Países cataláns?

Josep M. LLompart

A noción dos países cataláns, quere dicir, o concepto dunha catalanidade básica que se estende alén dos límites estritos do Principado de Cataluña e se sitúa á marxe e por riba de toda estrutura política concreta, ten raíxames fondas ó longo da historia. Referínme ás veces ás palabras coas que un escuro personaxe das loitas que axitaron Mallorca no século XV, o lugartenente Jaume Cadell, tentaba de infundir ánimos á pequena tropa mallorquina que mandaba: “Señores -dixo-, pensade que todos somos cataláns e temos fama polo mundo todo de ser vasallos leais ó noso rei e señor.”

Non ten dúbida que cando o lugartenente Cadell lembraba ós mallorquinos a súa condición de cataláns non aludía á estrita cidadanía destes (os mallorquinos non eran nin son, evidentemente, cidadáns do principado de Cataluña), senón que apelaba a unha instancia superior, a unha carta de identidade non definida ó tempo sobre o mapa de reinos, condados e señoríos (non definida, hoxe, no mapa das comunidades autónomas), mais arraigada no fondo das consciencias e doadamente comprensible e estimulante para ós súbditos do reino de Mallorca. Apelaba, en definitiva, aínda que non o formulase así nin fose consciente, á identidade cultural dos mallorquinos, que é tanto como dicir á súa identidade nacional.

A conciencia, ou máis ben a subconsciencia, desta identidade permaneceu ó longo do tempo. Nas illas Baleares, os cidadáns do Estado español que veñen de fóra clasificáronse tradicionalmente en tres categorías: cataláns, valenciáns e forasteiros, incluíndo sen distincións na derradeira categoría casteláns, aragoneses, andaluces, galegos, vascos, etc., quere dicir, todos os que non falan catalán, sexa cal sexa a súa lingua e procedencia. E este sistema tan sinxelo de clasificar a humanidade aínda está ben vixente nas nosas illas: nunca un catalán nin un valencían serán cualificados en Mallorca de forasteiros.

Hai, logo, a conciencia, (máis ben, xa o dixen antes, a subconsciencia) de pertencer a unha comunidade, neboenta, se se quere, indefinida e borrosa, mais efectiva e certa, que non coincide cos límites políticos e administrativos, senón que se sitúa por riba deles. Os membros desta comunidade non se definen por unha adscrición política ou administrativa, senón por unha adscrición cultural.

Non é agora o momento de aclarar punto por punto o senso e o contido do termo *cultura*. É unha cuestión sobre a que xa se teorizou dabondo e para tódolos gustos. Dunha maneira elemental e por mor de nos entender con facilidade, eu diría que cultura é todo aquilo que dá fisonomía a un pobo, a un grupo humano; todo aquilo que fai que este grupo sexa el propio e non outro. Todo aquilo, logo, que este grupo, en calquera campo, en calquera sector, foi creando e conformando a través da historia, e é capaz de crear e de conformar agora mesmo e de seguir creando e conformando no futuro.

Se un pobo perde esta capacidade creadora, deixa de ser el mesmo, deixa de ser pobo. Por iso a cultura propia é o seu documento de identidade, a tarxeta na que figuran o seu nome e liñaxes, aqueles datos que o diferencian de tódolos outros pobos, de tódalas outras comunidades. Máis aínda: cando o feito da creación cultural vira conciencia e non se limita a subconsciencia, a unha simple inercia, a unha rutina, a unha tradición esmorecida, xa non é só un documento de identidade, senón, con toda plenitude, un documento nacional de identidade. Porque conciencia cultural e conciencia nacional son, no fondo, unha mesma cousa inseparable e indiscernible, que se sitúa por riba de toda estrutura política.

A cultura dunha comunidade, a cultura dun pobo, é (convén lembralo) un feito complexo e multi-forme. Non é só, como algúns poderían pensar, cultura literaria. Tamén unha institución xurídica, como por exemplo o réxime de separacións de bens no matrimonio, forma parte da cultura dun pobo; certos estilos arquitectónicos peculiares forman parte da cultura dun pobo. O son inconfundible, atemorado e dourado, dos antigos órganos mallorquinos (o órgano dos Socors, o do convento de Sant Jeroni, o órgano impresionante da igrexa parroquial de Santanyi) forma parte da cultura do noso pobo.

Tampouco se limita ó que chamamos “alta cultura”. A cultura dos nosos países, poño por caso, non é só un poema de Jordi de Sant Jordi, senón tamén a tonada da malla que noutrora se escoitaba por todo o campo de Mallorca adiante. Non é só o *Blanquerna* de Ramón Llull, senón tamén a arte de cociñar un prato de butifarra con fabas. E unha pintura de Joan Miró e un chifre de barro, e a fábrica gótica de Santa María do Mar e a sinxela estrutura dunha barraca valenciana, e unha novela de Manuel de Pedrolo e as torres dos Serrans, e a antiga técnica dos construtores de valados de pedra seca mallorquinos e a gran recompliaci3n legal do Libro dos *Usatges* de Barcelona, e o templo da Sagrada Familia e o prato de polo cocido que chamamos *escaldums* e o dereito marítimo do libro do Consolat de Mar e as danzas de *cossiers* de Montuiri, e as *Horacianas* de Costa i Llobera e as torres humanas dos castellers, e o dicionario de Pompeu Fabra e as cancións de zambomba, e as adiviñas, e as pinturas de Sant Climent de Taüll, e o club de fútbol Barcelona, e o licor de herbas, e o *Canto espiritual* de Ausiàs March, e o queixo de Menorca, e a Venus de Aristides Maillol, e a danza de *festeig* ibicenca, e *A atlántida* de Verdaguer, e o tribunal da augas de Valencia, e un libro de Joan Fuster, e a catedral vella de Lleida e unha canción de Raimón, e a Generalitat de Cataluña, e as parreiras que pintaba Antoni Gelabert, e un carro de bois e os tecidos de Sabadell, e as doutrinas económicas de Martí d’Eixalà, e etc. etc. A cultura dun pobo, a cultura dun país, a cultura dunha comunidade é -repito- todo o que este pobo, este país, esta comunidade vai creando ó longo da historia e lle serve de signo de identificaci3n.

O feito cultural é, logo, como dicía, un feito complexo. É, tamén, un feito múltiple e variado. A cultura dun país non leva uniforme nin se constrúe a base de reduci3ns e imposici3ns. Iso quizais o creron no século XVIII os emperrucados sabios da Ilustraci3n e mailas Academias e quizais o cren, hoxe, os herdeiros dos xacobinos e os feixistas; mais non é certo. O horizonte da cultura vaixe ensanchando, non para se pechar nin se contradicir, nin pra se debuxar a conta rexeitamentos, senón, ben ó contrario, pra sumar, integrar e harmonizar variedades e matices dentro de áreas cada vez máis vastas, cada vez máis ricas, como se fosen círculos concéntricos a partir do horizonte máis inmediato, e mesmo máis íntimo, do ser humano. Non teño escrúpulo ningún para dicir que existe, poño por caso, unha cultura de Manacor, definidora dunha identidade local, e que esta cultura, precisamente porque é manacorina, artéllase dentro dunha área máis ampla: a cultura mallorquina, que define unha identidade comarcal. E que esta cultura mallorquina, precisamente por ser mallorquina, intégrase polo súa vez nunha área máis ampla: a cultura das illas Baleares, signo dunha identidade que podemos chamar rexional. E que esta cultura das illas Baleares, precisamente porque é cultura das illas Baleares, ten acollida noutra área aínda máis ampla: a cultura dos Países Cataláns, que dá forma plena e definitiva a unha identidade nacional. E aínda esta cultura dos Países Cataláns, precisamente porque é dos Países Cataláns, intégrase pola súa vez en círculos culturais máis vastos: na cultura mediterránea e, a partir desta, na cultura europea, definidora de ambas a dúas identidades supranacionais.

Non vale facer trampa con este sucesivo despregue do horizonte da cultura: os edificios hai que os comezar polos alicerces e non polo teito. Partide un só elo da cadea e falsearedes a vosa propia identidade: prescindide dunha soa das áreas culturais que vos corresponden e caeredes na máis fonda incoherencia: deixaredes de ser o que erades. Lembremos neste punto a iluminadora amoestaci3n de Joan Alcover: “Queredes triunfar fóra de Cataluña? Sede cataláns. Queredes ser universais? Conservade o aire de familia.” Aquel aire de familia, podemos engadir, que é o signo indicativo da plena e completa identidade nacional, o selo da nacionalidade.

O concepto de naci3n é identificable, polo tanto, co concepto de cultura, dándolle a este último termo o sentido amplo, antropolóxico, que acabamos de esbozar. As fronteiras dunha naci3n estarán, en consecuencia, delimitadas pola propia cultura, e o espazo físico, territorial, dunha naci3n coincidirá cos termos dentro dos que esa cultura se realiza.

Sexa como for, o concepto de naci3n é, como o de cultura, complexo dabondo. É, amais, cambiante. Todo ó longo da historia, a palabra *naci3n* serviu pra designar feitos e realidades diferentes, adaptándoo ás correntes ideolóxicas e ós intereses dominantes en cada coxuntura. Así, no século XIX, época da plasmaci3n definitiva dos grandes estados modernos, chegouse á equiparaci3n de dous conceptos que son diversos e que, amais, xogan en planos diferentes: naci3n e Estado, dando lugar á idea, aínda hoxe predominante en moitos niveis, do Estado-naci3n segundo a que o contexto nacional coincide exactamente co contexto estatal, de xeito que unha naci3n (e

unha nación unha) é todo o que está dentro das fronteiras dun determinado Estado, e son nacións diferentes todo aquilo que está fora daquelas fronteiras.

O concepto de Estado-nación, sen dúbida útil para determinados intereses, fundaméntase, porén, nunha ficción básica e irreductible: a ficción de considerar identificables e equiparables dúas realidades que se dan en planos diferentes e ben diferenciados. O concepto de Estado é un concepto estritamente xurídico; en troques, o concepto de nación é un concepto histórico, antropológico, cultural no senso máis amplo é máis inclusivo da palabras. As fronteiras dun Estado, a mesma estrutura orgánica dun Estado, pódense modificar e alterar por procedementos xurídicos (por medio dun tratado interestatal, poño por caso, ou pola promulgación dunha constitución nova), e a modificación ou alteración que resulte ha consumarse no terreo da realidade. En troques, as fronteiras dunha nación, a estrutura histórico-cultural dunha nación, non se pode modificar nin alterar por semellantes procedementos xurídicos. Aínda que un determinado poder lexislativo ditase unha disposición declarando que a cultura catalana non existe, a cultura catalana seguiría existindo. Un mandamento deste tipo non tería reflexo ningún no campo da realidade. Con efecto, unha estrutura nacional só poderá ser alterada ou, se se prefire, destruída, por medio dun proceso histórico (situado, non no nivel xurídico, senón no nivel cultural) que conduce á asimilación e absorción dunha comunidade por outra.

O concepto de Estado-nación é, logo (cómpre repetilo máis unha vez) ficticio. Porén, é unha ficción (cómpre lembralo máis unha vez) que foi e é de suma utilidade para certos intereses, concretamente para os intereses que requiren a absorción dunhas comunidades culturais por parte doutras. Iso explica que unha idea tan pouco consistente, tan pouco fiel á realidade e ó cabo tan escasamente científica se mantivese con tal forza, case coma un dogma. Exemplo recente desta persistencia na concepción ficticia dánolo a Constitución vixente que, despois de proclama-lo principio do Estado-nación (quere dicir, Hespaña a xeito de nación indivisible) introduce o matiz de admitir, no seo deste Estado-nación, a existencia de nacionalidades diversas. Á marxe de que esta matización, froito sen dúbida do consenso e do espírito de transacción que presidiu a elaboración do texto constitucional, sexa positiva e mesmo eficaz no terreo pragmático, cómpre confesar, dito sexa con tódolos respectos, que, dende o punto de vista científico, é máis ben cómica. Porque, qué é o que quere dicir iso de nación unha e indivisible, pero ó mesmo tempo nacionalidades diversas? Quizais é cousa semellante ó misterio da Santísima Trindade? Pode explicar alguén qué significado preciso teñen os termos *nación* e *nacionalidade*, segundo se utilizan no texto constitucional, e que diferenzas hai entre un e outro? Quizais *nacionalidade* quere dicir nación de menos entidade, nación que foi pero que xa non é, ou que, como moito, éo un pouco? Quere dicir, quizais, nación sen Estado? Tanto ten. A solución máis sinxela, máis exacta e máis rigorosa sería definir Hespaña como aquilo que realmente é: un Estado plurinacional, cousa que ó cabo non é desgracia ningunha, nin traxedia, nin motivo ningún pra que se afunda o mundo. Porén, claro, había o consenso, e a correlación de forzas, e o pragmatismo, e todo aquilo...

O Estado-nación é, logo, en boa lóxica, unha idea insostible. *Estado* e *nación* son dous conceptos diferentes e diferenciados, pertencentes, o primeiro, ó terreo xurídico-político, e o segundo ó terreo histórico-cultural. Dous conceptos que, nunha realidade concreta, poden coincidir ou poden non coincidir. Se hai que dicir verdade, non son moi numerosos os casos de coincidencia exacta entre fronteiras estatais e fronteiras nacionais. En troques, abundan os Estados plurinacionais (quere dicir, que conteñen diversas nacións detro dos límites estatais), de nacións distribuídas entre diversos Estados, e hai mesmo algún caso de nación pluriestatal, como foi o caso de Alemaña despois da segunda guerra mundial. E quen sería capaz de nega-lo feito dunha única nacionalidade alemá; entendida no senso de comunidade cultural, aínda que esta nacionalidade estivese dividida en dous Estados soberanos?

Á idea falsa do Estado-nación cómpre opor, con efecto, a idea real de cultura-nación. Ora ben, cales son os riscos distintivos que permiten definir unha identidade cultural, e, polo tanto, unha identidade nacional? Xa dixen antes que o feito da cultura é dabondo complexo e que, se os límites estatais se poden definir clara e taxativamente por unha norma xurídica, establecer, en troques, a configuración dos límites nacionais é unha cuestión moito máis delicada e moito máis insegura.

Unha cultura nunca está determinada só por un dos elementos que a constituen. O feito cultural é o resultado dun conxunto de factores que se estruturan dentro dunha totalidade orgánica. Malia

iso, hai un destes factores que decote se sitúa no punto clave e asume o papel de signo decisivo de identificación. Refírome ó idioma. O idioma non é de xeito ningún o elemento único e definidor, de por si, dunha cultura; mais non ten dúbida que, pola súa función de vehículo fundamental de expresión, convértese no muro de carga desta cultura. Se o muro de carga cae, afúndese o edificio todo; porén, mentres permaneza en pé, aínda que se difuminase ou mesmo perdese a conciencia da comunidade cultural á que dá apoio, aínda que se convertese nunha sinxela inercia, esta comunidade cultural é unha realidade, polo menos unha realidade latente, susceptible de se converter de novo en conciencia dunha identidade, e, polo tanto, en conciencia nacional. A lingua é o elemento básico de cohesión, o eixo arredor do cal se estrutura o feito cultural, e ela dará, en principio, o criterio fundamental para dibuxar no espazo o contorno dun contexto nacional. En principio, a nación chega alá onde, naturalmente, sen solución de continuidade, chega o idioma. Porén, iso é así de principio, porque se afondamos neste tema, teríamos que introducir inmediatamente toda unha serie de matizacións e excepcións. Dende este punto de vida, cada caso é singular.

Sexa como for, observade cómo os ataques máis sutís contra a identidade nacional dos Países Cataláns céntranse indefectiblemente na lingua. Quer en forma de represión directa, quer en forma de represión encoberta, avivecendo e manipulando, ó xeito de manobra arredista, as habituais, elementais e viscerais desconfianzas familiares. É neste senso no que se fomentaron as dicotomías valencián-catalán, mallorquín-catalán, ibicenco-catalán, etc. Mesmo, dende outro centro de poder non menos unitarista e xacobino quíxose opor (Deus nos valla!) o andorrano ó catalán. E foi a partir desta mesma actitude como procuraron (e desgraciadamente conseguiron) que no Estatuto do País Valenciano a lingua propia non sexa denominada catalán, do mesmo xeito que procuraron (e afortunadamente non conseguiron) que o Estatuto das illas Baleares non proclamase, como proclama, que o catalán é a lingua propia destas illas.

Dende o seu punto de vista, a estratexia é a máis correcta: divide e vencerás. Por mor de destruír a identidade nacional dos Países Cataláns, ó camiño máis fácil é derrubar o muro de carga que os sustenta, a lingua que lles é común, esanquizándoa, partíndoa, dialectalizándoa. Porque xa o dixen denantes: mentres esta parede estea en pé, a nosa comunidade nacional é un feito latente. Velaí o senso profundo dos dous versos famosos de Marià Aguilò:

Poble que sa llengua cobra  
se recobra a si mateix

(Pobo que recobra a lingua  
recupérase a si mesmo)

Atopámonos, logo, diante dunha realidade nacional que non se circunscribe exclusivamente a ningún dos nosos países, senón que os abranxe todos. Podemos, en consecuencia, borrar o signo de interrogación que nos valeu de punto de partida e substituílo por unha afirmación. Ora ben, falamos dunha realidade nacional arruinada, espoltrida, abortada, convertida en incoscienza, ou, como moito, en suboscienza, e, só a nivel absolutamente minoritario, en conciencia. Mantense en pé, sexa como for, o muro de carga, a lingua, e a partir dela é posible a tarefa da reconstrución.

É curioso, e non sei ata qué punto sintomático, que a expresión *Países Cataláns*, non se puxese en circulación no Principado, senón no País Valencián. Parece, efectivamente, que foi o señor Benvingut Oliver, historiador, erudito e notario da vila de Catarroja, na Horta de Valencia, quen, no ano 1876, a empregou por vez primeira. Tamén é curioso, e quizais igualmente sintomático, que algunhas das máis fermosas e fondas exposicións da teoría dos Países cataláns procedan de Mallorca.

A doutrina insular a este respecto pode resumirse en tres principios fundamentais: afirmación da personalidade propia e irrenunciable de cada unha das illas; afirmación da personalidade propia e irrenunciable do conxunto destas illas, e plenitude destas personalidades propias e irrenunciáveis dentro do marco nacional dos Países Cataláns, única opción válida para que os pobos insulares volten atopa-la súa identidade.

Unha primeira fita significativa atopámola nun texto de Josep Tarongí publicado no ano 1872 na *Revista Balear*. Tarongí define a *Renaixença*, ou rexurdimento catalán, dicindo que é “a resurrección do idioma que falaron o rei Jaume, Ramon Llull e Ausias March; do idioma no que se redactaron tan boas leis de exención de trabucos e no que se escribiu a primeira compilación europea de Dereito marítimo internacional; a restauración do idioma dos nosos avós, nunha palabra, cando Mallorca, Valencia e Cataluña era unha poderosa nación ou, mellor dito, unha federación de pobos dunha mesma raza”. Aclara que cando fala de rexurdimento ou “Renaixença catalana” quere dicir tamén “mallorquina e valenciana”, e acaba o artigo dicindo: “Fixo Deus que mallorquinos, cataláns, e valenciáns comprendesen de igual xeito os seus intereses e aspiracións [...] Quizais, establecida a unidade da lingua literaria, formárase nestas partes da España oriental unha civilización, incansable competidora da civilización central, que aínda nos ameaza, maltrata e esmaga!”

No mesmo senso, se ben en termos máis sinxelos, máis radicais e máis retóricos, outro mallorquino, Jeroni Rosselló, no discurso presidencial dos Xogos Florais de 1873 facía esta afirmación solemne: “Teña o nome de Cataluña, sexa Cataluña a terra toda onde a nosa lingua se fala; e non haxa en todos nós máis ca unha patria e unha lingua só, e esta ha gañar en galanura o que a patria medre en grandeza.”

A liña de pensamento así iniciada mantívose todo ó longo dos primeiros trinta anos do século XX. En 1900, o socialista Gabriel Alomar escribía: “O primeiro que hai que fomentar é o espírito de solidariedade con Cataluña, para tódalas reivindicacións do noso espírito común; deste xeito habemos conseguir todos comunicar un carácter nacional á nosa causa e facela, polo tanto, máis claramente razoada e lexítima.” Outra figura relevante do socialismo mallorquino, Alexandre Jaume, fusilado polos fascistas o ano 1937, dicía no libro *Impresiones de un Constituyente*, publicado en 1933: “O comezo da puxanza do catalanismo coincide cos meus primeiros artigos xornalísticos [...] Era a miña tese [...] que Mallorca non podía formar un todo orgánico senón unha parte daquel todo. Que a nosa lingua, a nosa raza e maila nosa historia ligábannos a Cataluña, que falar de mallorquinismo era descoñecer por completo a realidade viva do problema e inventar entidades artificiosas e fantásticas. E que os mallorquinos, quixerámolo ou non, eramos cataláns de Mallorca, coma xa nos chamara o mallorquino máis grande na nosa historia: Ramón Llull. Dende entón a hoxe pasaron moitos anos. A miña postura en relación con este problema non cambiou. Sigo aferrado ós mesmos principios.”

É interesante remarcar que estas concepcións non eran exclusivas dun determinado sector ideolóxico, o sector de esquerda que representaban homes como Gabriel Alomar e Alexandre Jaume. Noutros campos facíanse afirmacións coincidentes. Un militante de Esquerra Republicana, Pere Oliver Domenge, no ano 1916, despois de afirmar que “España non é unha nación, por moito que se diga. España é un estado”, e que, en troques, “Cataluña é unha nación”, escribiu: “Ora ben, a nacionalidade catalana non se limita ó Principado de Cataluña; esténdese, amais, polas terras do Rosellón, Cerdaña e Conflent; polas bisbarras da Ribagorza e de Pallars, polas montañas libres de Andorra; polos verxeis da Valencia e polas azuis e soleadas illas Baleares.

Tamén a partir de posicións de centro aparecen formulacións paralelas, como a que fai o poeta Miquel Ferrà nestes termos: “Crerá aínda alguén que pode facer pasar o seu rexionalismo máis adiante có noso, reclamando para Mallorca a absoluta ruptura de todo vínculo fraternal con Cataluña? Protestará desta alianza que el interpreta sinxelamente ó xeito dunha sumisión servil a uns amos novos, porque a súa alma de escravo non concibe máis ca novas formas de escravitude? Mais, qué patriotismo é iste que comeza por corta-las raigames máis fondas da árbore da raza e qué españolismo (porque esta caste de mallorquinistas adoitan dicir que son moi españois) é o dos que renegan dos parentes máis próximos que temos no Continente? -O rexionalismo verdadeiro, que é o nacionalismo, ten fórmulas de concordia entre tódolos intereses, e, se non admite unificacións arbitrarias, tampouco consinte mutilacións arbitrarias [...] Se os mallorquinos quixesen romper toda ligazón con Cataluña, con moita máis razón poderían querer desentederse de Mallorca as illas de Menorca e Ibiza, e, seguindo por este camiño, mañá virían os de Búger a nos dicir que eles non teñen nada que ver cos de Campanet, e se alguén levase esta lóxica ás últimas consecuencias, convertírase nun deber patriótico non saudar ós veciños do segundo piso [...] Que Mallorca conserve con mimo, mesmo dentro dunha ampla confederación de terras catalanas, a súa personalidade indiscutible, paréceme perfectamente. A fórmula que o permita non ha ser

moi difícil de atopar. Procurémola! Se hoxe fose cedo para impola, imporémola mañá. A historia non se fai nun día.”

As actitudes, como dicía, son converxentes a partir da esquerda e da dereita, e mesmo, nalguna ocasión, da dereita máis integrista. Neste último caso atópase a teoría nacionalista do crego Antoni M<sup>a</sup> Alcover, filólogo, folclorista, Vicario Xeral da Diócese de Mallorca e iniciador do *Diccionari català-valencià-balear*, que, nunha conferencia pronunciada en 1909, despois de facer unha acertada distinción entre os conceptos de *nación* e *Estado* e de caracteriza-los elementos que definen a comunidade cultural dos Países Cataláns, chegaba a esta conclusión, expresada no seu estilo peculiar, gloriosamente pintoresco e divertido: “Sómolo, nós, unha nacionalidade, diferente da castelá, da galega, da basca? -Vaia se non o somos, por máis que algún, só con escoitalo, bote lume pola boca e nos dirixa lóstregos e pestes que, gracias a deus, non nos rozarán nin a roupa, porque nos protexe unha couraza incontrastable: a fonda convicción do noso dereito e a seguridade do noso triunfo definitivo [...] A nosa nacionalidade é a catalana; a nosa personalidade, se temos que recobrala, non a debemos esperar da xente de Madrid, que non nos concederán nunca outra categoría cá de *provinciáns*. A nosa personalidade étnica, se a temos que recobrar, é con Cataluña. Afastarnos de Cataluña, pretender reafirmar a nosa tradición sen Cataluña, é cousa de nenos, unha parvada. Con isto non quero dicir que teñamos que dicir *amén* a todo o que fagan os cataláns. Temos que ir con eles, si, mais conservando a nosa modalidade, a nosa diferenciación típica. Somos os seus irmáns, iguais, non inferiores.”

E aínda convén advertir que, por razóns que agora non nos podemos deter a analizar, as propostas máis radicais, máis -digamos- monolíticas, de estruturación dos Países Cataláns, non proceden de Mallorca, senón de Menorca. Un menorquín, efectivamente, Joan Timoner i Petrus, expresábase así nun artigo publicado no ano 1931: “Menorca é catalana, a historia, a xeografía, o intercambio espiritual e comercial e, máis ca nada, a lingua [...] Todo nos proba a nacionalidade catalana da nosa terra. Ora ben, non deixemos perder esta ocasión pola que traballamos todos para pormos a traballar na tarefa ardua, ben é certo, mais tamén fermosa e xusta, da catalanización radical da nosa illa [...] Menorca é unha póla da árbore catalá [...] Viva Menorca catalana!” E noutro artigo, o mesmo Joan Timoner insistía nestes conceptos e sinalaba a xeito de solución óptima “a autonomía da rexión, quere dicir, autónomas Menorca, Mallorca e Ibiza, como as outras rexións catalanas dentro de Cataluña”:

A reivindicación dos Países Cataláns a xeito de comunidade nacional de historia, de lingua e de cultura, pasou a primeira liña nos últimos tempos da ditadura e nos primeiros anos do postfranquismo. Entón, case tódalas forzas progresistas, tanto no principado coma nas illas Baleares, ou no País Valencián, afirmaban sen reservas aquela comunidade e admitíana, con máis ou menos reticencias, a xeito de posible base dun proxecto político. Así se puxo de relevo nas xornadas de debate sobre este tema que se celebraron en Barcelona en 1976. Os máis dos partidos abrían a porta a unha articulación dos Países Cataláns, por medio do rexeitamento daquel precepto da Constitución republicana que prohibía a federación de rexións autónomas. Era un tempo de euforia, de ilusións e de soños

Porén, a medida que se ía normalizando a vida política e se ía refacendo a estrutura democrática do Estado, comezaban a chegar as rebaixas. Era aquilo do consenso, do pragmatismo, da correlación de forzas, e, no fondo, o tradicional xacobinismo indeleble. E que conste que dicindo isto non fago unha crítica, porque ó cabo xa sabemos que a política é unha arte de accións posibles. Limitome a describir uns feitos.

Sexa como for, a verdade é que aquela prohibición de federacións entre rexións autónomas, que todos dicían rexeitar, mantíñase na nova Constitución; coa pequena fenda, iso sí, de admitir determinados acordos entre diferentes comunidades. A reivindicación nacional dos Países Cataláns facíase cada vez máis feble, máis matizada, máis condicionada, e mesmo máis incómoda. Ó mesmo tempo, fóronse multiplicando os ataques á unidade do idioma, ese muro de carga, aínda en pé, dos nosos países, e chegouse a afirmar que os Países Cataláns eran anticonstitucionais. Ben, se por Países Cataláns entendemos unha comunidade nacional de historia, de lingua e de cultura, que non inventamos nós e da realidade e da existencia da cal non temos culpa ningunha, entón os Países Cataláns non son anticonstitucionais pola sinxela razón de que non o poden ser. Como non poden ser anticonstitucionais o Mediterráneo, nin o río Ebro, nin os Pirineos. Son uns feitos obxectivos, reais, que, como tales, están á marxe de toda constitucionalidade ou anticonsti-

tucionalidade. Pensemos, por outra banda, que se os Países Cataláns (comunidade de lingua, cultura e historia) fosen anticonstitucionais, máis o sería aínda aquela outra comunidade un pouco vaga que chaman *Hispanidade*, que temos que celebrar en todo o Estado con festas rigorosamente obrigatorias. E digo que o sería máis porque o sería vinte e unha veces, en canto vulneraría a Constitución do Estado español e, amais, as Constitucións de todas e cada unha das famosas “vinte nacións”.

Deixemos, porén, as bromas. O feito é que a reivindicación dos Países Cataláns a xeito de proxecto político é hoxe absolutamente inviable<sup>1</sup>, tanto no aspecto xurídico, coma, por riba de todo, no aspecto sociolóxico. Cómpre sermos realistas e admitir este feito. Ora ben, será viable este proxecto no futuro? Convén agora que restauremos aquel punto de interrogación que borraramos do título destas reflexións. Chegará a ser posible unha estruturación política dos Países cataláns? Confeso que non o sei, e quero engadir, amais, que tanto me ten.

Porque a nosa tarefa actual é outra. Non queiramos comezar a casa polo tellado nin refuxiarnos en fermosos soños utópicos. Antes de pensar en solucións políticas, temos que pensar en solucións culturais e sociolóxicas. Quere dicir, na reconstrución nacional dos Países Cataláns. Iso é o que importa nestes intre e por iso cómpre traballar sen tregua. A nosa nación é hoxe, non o debemos ocultar, unha absoluta ruína. Só queda en pé o muro de carga do idioma; un muro ameazado, cheo de fendas, en perigo inminente de se esfondar para sempre. Unha parede, en todo caso, aínda en pé, aínda susceptible de consolidación, aínda apta pra que poidamos restaurar, a partir dela e ó seu arredor, o vasto edificio que nos ha dar abeiro a todos.

Non malgastemo-lo noso tempo nos nobres e imposibles soños. Non imaxinemos gloriosas e milagreiras reunificacións e independencias; lembremos que, neste intre, unha sinxela parella da garda civil é abondo pra impedir que tan fermosas fantasías se fagan realidade. Cómprenos a fe, cómprenos a ilusión; cómprenos o soño; porén, tamén nos cómpre a visión pragmática das cousas. Comecemos -insisto- a reconstrución polos alicerces e non polo teito. Se algún día conseguimos refacer en plenitude o noso contexto nacional, podedes estar seguros de que o resto se nos ha dar por engadido.

É imprescindible, logo, que nos fagamos fortes na defensa e potenciación da nosa identidade cultural, da nosa unidade cultural, a partir das raigames máis fondas e inmediatas, seguindo paso e paso aquela sucesión de círculos concéntricos que van definindo e ensanchando o horizonte da cultura do ser humano. Un autor mallorquino, Guillem Forteza, marcou, a través dunha das máis brillantes exposicións que se formularon sobre a teoría dos Países Cataláns, a pauta que hoxe nos cumpriría seguir. Nun ensaio titulado *A xusta aspiración*, recollido no libro *Polo rexurdimento político de Mallorca* (1931). Guillem Forteza explicaba o exemplo da bóveda de aresta, comparable ó dos xuncos proposto por Ramon Muntaner ou ó das tres lanzas, tan fermosamente descrito por Anselm Turmeda. “Aténdonos unicamente á configuración espiritual da nosa patria -escribiu- [...] podemos compara-la a unha grande bóveda de aresta na que, para que dea mantido a propia estabilidade, deben concentrarse os esforzos e fundamentos polo menos en catro puntos. A condición de que estes catro puntos teñan cada un deles resistencia independente da dos outros fai que esta imaxe nos sirva pra dar a coñecer o concepto que temos da verdadeira estabilidade do nos pobo. Pensemos erroneamente os mallorquinos que cren que o seu patriotismo debe apoiarse sobre o solar espiritual do Principado de Cataluña ou de Valencia. Pensemos trabucadamente os cataláns que cren que toda a forza da patria ten que pesar sobre eles e eles sós son os que teñen que soportala. Pensemos erradamente os valencianos que cren que o solar espiritual de Valencia é inútil e feble pra reconstruír novamente o pilar que en tal punto fai falta. Pensemos baleares, cataláns, roselloneses e valencianos que calquera movemento de traslación que lle dean ó puntal que teñen dende agora a obriga de reedificar ha traducirse nunha deformación fatal e quizais irremediable na fisonomía da patria. Pensemos os, baleares, cataláns, roselloneses e valencianos que calquera equivocación na elección dos alicerces para levantar estas columnas podería ser causa de terribles derrubamentos. Empregue cadaquén o material que providencialmente ten nas mans. Non pretendamos, por cega paixón dunha unidade externa [...], reconstruír a fábrica destes catro pun-

---

<sup>1</sup> A data do texto é 1983. A primeira edición é de xuño de 1991 no libro *Païssos catalans? i altres reflexions*. Palma de Mallorca, Moll, 1991. Na nota final do libro di: *Païssos catalans?* é o texto dunha conferencia que pronunciei en Llérida, Xerona e quizais nalgún outro lugar. Penso que permaneceu inédita ata agora, mais non poría a man no lume.

tais indispensables pra a estabilidade da patria con material extraído exclusivamente duna das nosas canteiras rexionais. Pensemos que, aínda que o Principado de Cataluña sexa a canteira aparentemente máis abundosa, non por iso se deben de prover dela os que por nugalha non queiran cavar na canteira propia polo feito de estar máis oculta. Aquela exclamación nunca abondo citada: “Cataluña adentro”, os mallorquinos teñen que traducila “Mallorca adentro”, os valencianos “Valencia adentro” e só así poderemos dicir que a forza e pulo espiritual da nación están proporcionalmente repartidos entre cada unha das potencias rexionais. En canto teñamos estas catro columnas ben fortes, podemos trazar de banda a banda os arcos diagonais que non han ser máis cás elevadas vías polas que corra o sangue e maila espiritualidade da nosa terra.”

Velaí a tarefa cotiá que a todos nos corresponde. Que cada un dos nosos países erga a súa propia columna. Que cadaquén no seu propio país fure ata as raigames máis fondas do país propio e inmediato, que extraia a máis dura pedra por mor de ir refacendo a columna derrubada, e así chegará un intre no que, sólidas e firmes as catro columnas, poderemos corona-la estrutura da bóveda coa clave da nosa nacionalidade. Despois, cando xa se chegase a ase momento, mais non antes, hanos ser posible (a nós ou ás xeracións futuras, tanto ten) situa-la realidade dos Países Cataláns no nivel do proxecto político. Un proxecto político que, cómpre dicio, non sería de xeito ningún incompatibile coa estrutura do Estado Español, senón que, máis ben, podería dar apoio a un Estado español moito máis sólido, moito máis xusto e moito máis coherente, e que, sexa como for, cumpriría articular dentro do marco da Europa dos pobos.

Porén, entrementes, e a xeito de tarefa previa indispensable, temos que reface-la nosa nacionalidade, temos que recobra-la nosa identidade nacional, temos que nos esforzar para que todo aquilo que hoxe é inconsciencia ou subconsciencia vire conciencia.

Concentremos primeiro os esforzos todos no reforzo do muro de carga que ha de servir de base para a reconstrución. Proclamemos por todas partes a unidade e dignidade da nosa lingua. A lingua catalana está hoxe arrodeada de perigos moi graves, de ameazas case mortais. Debemos ter conciencia diso, e temos que estar prevenidos. Non nos debemos fiar excesivamente dos tranquilizadores optimismos oficiais; porén tampouco hai que caer en catastrofismos apocalípticos. A lingua, se queremos, aínda se pode salvar; eu sei con certeza que se salvará; ten que se salvar custe o que custe. Téndeo ben presente. Porque se esta derradeiro muro de carga se derrubase, entón poderíamos darnos por acabados definitivamente e para sempre.

Non desaproveitemos, despois, ningunha das posibilidades que ofrece o ordenamento constitucional vixente para establecer e reforzar vínculos entre as nosas respectivas comunidades autónomas, e se a lei permite que se establezan entre elas acordos de cooperación, presionemos ás institucións pra que o fagan e cheguen ó limite das posibilidades neste sentido, nomeadamente naquilo que afecta ó patrimonio lingüístico e cultural que nos é común e que constitúe, ó cabo, o noso patrimonio nacional.

Cómpre, finalmente, desmentir ós catalanciños que, mois fachendosos, proclaman que Cataluña é unha nación. Neste senso, temos que rexeitar claramente e de vez as ambigüidades e as confusións máis ou menos tácticas e máis ou menos coxunturais. Non, Cataluña non é nación ningunha. Pra nós a única comunidade nacional é a que definen e circunscriben os Países Cataláns. Cataluña non é nación ningunha, do mesmo xeito que as Castelas vella e nova tampouco configurarían nación ningunha elas só, se quixermos segregalas do resto dos Países Casteláns. Neste punto non valen separatismos. Só no marco dos Países Cataláns poden atopar Cataluña, o País Valencián e as illas Baleares a súa plenitude nacional. Iso é así, queiras non queiras. Lembremos a advertencia de Miquel Ferrà: se a nación non admite modificacións arbitrarias, tampouco admite mutilacións arbitrarias. Dixen nalgunha ocasión, e repítoo agora, que ou nos salvamos todos xuntos ou nos afundiremos todos un detrás do outro. Pensade que se se perden definitivamente os signos de identidade nacional no País Valenciano, acabaranse perdendo tamén nas illas Baleares e en Cataluña, por moito que Cataluña proclame que, ela só, é unha nación. Lembrede o exemplo do feixe de xuncos: “E se tirades a corda que os une, xunco por xunco, ha partilo todo un neno de oito anos, e non quedará nin un xunco.”

Dixen antes que nos é imprescindible o soño. Para a tarefa que temos que levar a termo, cómpre que soñemos unha patria. Porén, temos que soñala como querería o poeta Pere Quart: completa. De Salses a Guardamar e de Fraga a Mahón.